

EXP. 812/2025

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 30/09/2025 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.2. Bases e convocatoria do XI Concurso fotográfico para o calendario Concello de Toén do ano 2026 (Exp. 812/2025)

Dáse conta do borrador das bases elaboradas para rexer a convocatoria do XI Concurso fotográfico para o calendario Concello de Toén do ano 2026.

Tras o exame das bases, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023 (BOP nº 154, do 06/07/2023), ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do XI Concurso fotográfico para o calendario Concello de Toén do ano 2026, que se unen como anexo ao presente acordo, e dispor a súa publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>).

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria do XI Concurso fotográfico para o calendario Concello de Toén do ano 2026 e remitirle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente á convocatoria polo importe máximo de 150,00 €, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do vixente orzamento municipal do exercicio 2025.

ANEXO

**EXP. 812/2025 BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO XI CONCURSO
FOTOGRAFICO PARA O CALENDARIO DO CONCELLO DE TOÉN DO ANO 2026**

1.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular o réxime de concesión dun premio para o XI Concurso fotográfico para o calendario Concello de Toén do ano 2026.

2.- PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas que o desexen sempre que sexan maiores de idade, ou de ser menores de idade, acheguen unha autorización asinada polos seus pais/nais ou titores/as.

Non poderán participar os/as concelleiros/as da Corporación, os/as empregados/as municipais nin os/as familiares dos/as anteriores de primeiro grao en liña descendente ou ascendente.

3.- TEMÁTICA

As fotografías presentadas deben de ter por temática calquera aspecto relacionado co Concello de Toén (costumes, paisaxe, patrimonio, tradicións, festas ...). Deberase identificar claramente algún elemento que permita recoñecer o Concello de Toén na fotografía.

Todas as fotografías deben de acompañarse dunha breve descrición da súa localización

Concello de Toén



do que representan.

4.- PRAZO E FORMA DE ENTREGA

O prazo para a presentación das fotografías comeza a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Ourense e remata o día 14/11/2025 ás 14:30 horas.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Toén (Rúa Ribadela 1, 32930, Toén) en horario de 8:30 a 14:30 horas, de luns a venres, ou no rexistro electrónico da Sede Electrónica do Concello de Toén <http://concellodetoen.sedelectronica.es>.

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se incorpora como Anexo I destas bases e que estará dispoñible na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>).

Establécese un límite máximo de 5 fotografías por persoa participante.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- DNI.
- No caso de ser menor de idade, autorización asinada polo/a representante legal (pai/nai-tiror/a) e DNI.
- Fotografía/s en formato dixital, en concreto en formato JPG e unha resolución mínima de 1 MB.
- Breve descrición da localización da/s fotografía/s e do que representa/n.
- Certificado bancario do número de conta da persoa solicitante.

4.- SELECCIÓN DAS OBRAS

Un xurado nomeado pola Alcaldía seleccionará a fotografía premiada.

A fotografía que obteña o premio será a imaxe do calendario do ano 2026 do Concello de Toén.

O/a autor/a da fotografía premiada será notificado/a con anterioridade á súa publicación.

O xurado poderá declarar deserto o premio.

A selección do xurado será elevada á Alcaldía, quen formulará proposta de resolución que someterá á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver, que outorgará o premio á persoa gañadora do concurso con identificación do seu nome e apelidos e DNI, da fotografía premiada e do importe do premio.

O acordo de outorgamento do premio será obxecto de publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>), con expresión da persoa beneficiaria e da contía do premio concedido.

5.- PREMIO

O importe do premio é de 150,00 €.

O premio estará suxeito ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e farase efectivo mediante transferencia bancaria á persoa premiada, previa presentación dunha declaración responsable, debidamente cuberta e asinada pola persoa solicitante (no caso de ser menor de idade deberá asinala tamén o pai, nai ou titor/a) na que se faga constar que non está incurso/a en prohibición para ser beneficiario/a de subvencións e que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

6.- OBXETIVO E PUBLICACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

O obxectivo é elixir a imaxe para o calendario do ano 2026 do Concello de Toén.

Ademais, todas as fotografías que se presenten ao concurso poderán ser empregadas para exposicións culturais que organice o Concello de Toén.

7.- DEREITOS SOBRE AS FOTOGRAFÍAS

A participación no concurso conleva a cesión a favor da organización, por parte das persoas concursantes, dos dereitos de reprodución e exposición sobre as obras fotográficas, sempre e cando se empreguen para a promoción do Concello de Toén e sempre sen ánimo de lucro.

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. As persoas participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.

ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO XI CONCURSO FOTOGRÁFICO PARA O CALENDARIO DO CONCELLO DE TOÉN DO ANO 2026

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P32082003 - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es





Nome e apelidos da persoa solicitante:	NIF:
Nome e apelidos da persoa representante (no caso de persoa solicitante menor de idade):	NIF:
Enderezo:	
Teléfono:	Correo electrónico:

DECLARO BAIXA A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que cumpro cos requisitos para participar neste concurso.
- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social.
- Que non incorro en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario/a de subvencións segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que me comprometo a cumprir coas obrigas que para as persoas perceptoras de subvencións establece o artigo 14 da dita Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SOLICITO:

Participar no dito concurso.

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA:

- o DNI.
- o No caso de ser menor de idade, autorización asinada polo/a representante legal (pai-nai-tiror/a) e DNI.
- o Fotografía/s en formato dixital (en formato JPG e unha resolución mínima de 1 MB).
- o Breve descrición da localización da/s fotografía/s e do que representa/n.
- o Certificado bancario do número de conta da persoa solicitante.

Toén, _____ de _____ de 2025

Sinatura da persoa solicitante Sinatura do pai-nai-tiror/a (no caso de ser menor de idade)

Asdo.: _____ Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes de participación no X Concurso fotográfico para o calendario Concello de Toén do ano 2026.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento RGPD art.6.1 e) e o consentimento da persoa interesada RGPD art.6.1 a).

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.gal.

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e prace do alcalde, Ricardo González Gómez, en Toén na data da sinatura electrónica.

Concello de Toén





**CONCELLO DE
TOÉN**

(Documento asinado electronicamente)

Cod. Validación: 3CG75A6HHGTDK03PM6FZD9ECY
Corrección: <https://concello.toen.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4



Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es